



INFORME

Que se emite en relación co expediente de contratación, por procedemento negociado sen publicidade da subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra para o Parlamento de Galicia:

- I. Aínda que no expediente non se fai mención expresa, pode tratarse de unha tramitación anticipada de gasto sempre que a execución material do contrato comece no ano 2015. De acordo co disposto no artigo 110.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público este expediente poderá ultimarse coa adxudicación e formalización do contrato no ano 2014, aínda que todo elo supeditado á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015, o cal, debe facerse constar no prego de cláusulas administrativas.
- II. De tratarse de unha tramitación anticipada no que a execución do contrato empeza no 2015, o criterio no que se valora a redución do prazo de entrega de 30 días, pode non ter utilidade real para a institución.
- III. O gasto anual, por importe de 11.616 euros IVE engadido, pode imputarse á partida 01.01.111B.204.00 do orzamento do ano 2015.
- IV. Tendo en conta o exposto, en particular o establecido no apartado I, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas axústanse á Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2014

A viceinterventora